

O pasado venres, día 9, inaugurouse no Círculo das Artes de Lugo a mostra *Colmeiro. Paisaxe que sabe a pan*. A exposición, composta por un total de trinta cadros, pode visitarse deica o 24 de marzo. O evento, comisariado polo historiador e crítico Carlos L. Bernárdez, conta co apoio da Deputación e mais do Concello de Lugo.

As obras de Manuel Colmeiro constitúen un estímulo para recuperarmos sabores e cheiros herdados da memoria atávica que non encontran o seu azar no esquecemento. Esta "paisaxe que sabe a pan" estimula a lembranza emocional; constitúe para nós aquilo mesmo que o perfume da magdalena húmida no té de Proust. Trátase, xa que logo, da nosa particular "procura do tempo perdido": "...cando despois da morte das persoas, despois da destrución das cousas, nada subsiste dun pasado antigo, só o olor e o sabor -máis débiles pero máis vivaces, máis inmateriais, máis persistentes, máis fieis- perduran durante moito tempo..." Carlos Bernárdez percibe unha estratexia do artista que non se orixina na experiencia persoal da pintura, senón nunha vontade de transformación social, contida nunha herdanza transpersoal. Fálanos así dunha riqueza cultural que dirixe a ambición transformadora do pintor a través da súa arte, compartida con contemporáneos: Castelao, Maside, Souto ou Luís Seoane. O historiador define este destino como o dos "pintores da historia non oficial", ese mesmo "das vítimas, da Guerra Civil, da represión e do asasinato ideolóxico ou dos seres anónimos, fundamentalmente labregos..." Desde logo, un enunciado novidoso que modifica a habitual interpretación desta xeración e que nos ubica noutra perspectiva prometedora. Pode que o título da mostra sirva para encadear a ollada á primaria percepción, a que dirixe á intuición cara ao centro da memoria psíquica, o inconsciente junguiano a gardar a memoria do individuo e da especie.

Bernárdez estuda as accións de Colmeiro e observa a presenza dunha aspiración rexeneradora da arte a través da viaxe á mellor tradición galega, mais coa vontade de expresar a arte como fenómeno humanizador. O his-



toriador analiza o artista a través da sociedade, para dar resposta á xénese dun traballo desenvolvido á luz das ciencias sociais.

Os contidos do catálogo da exposición compléntanse aínda cos textos de Aurelia Balseiro García, directora do Museo Provincial de Lugo, e do prestixioso investigador Antonio Bonet Correa.

Balseiro García abre a análise e fai unha descri-

ción detallada da biografía colmeiriana. Destaca as obras máis importantes e céntrase nos aspectos estéticos e os cambios nos recursos ao longo do tempo. A experta tamén subliña a importante cualidade social do universo creativo de Colmeiro e a súa actitude definida pola coherencia cun compromiso ético e estético.

En "Manuel Colmeiro ou a pintura como arte e

guía na súa vida", Bonet Correa subliña contidos simbólicos que trasladan ao lector cara á biografía emocional. Describe Bonet o mundo mítico que aflora na totalidade de Colmeiro e da súa obra como unha unidade atada pola vontade de construír o retrato de Galiza. Dende a paixón das utopías xeracionais, vén demostrarnos que esa ambición só poido ser contida nunha existencia que o abarcou todo: Europa e América, a terra do país e o asfalto da cidade, o post-cubismo e o surrealismo. Colmeiro vive unha Galiza xurdida nun desexo colectivo, a través de expectativas cristalizadas en símbolos fermosos, para debuxar o encontro feliz da Arcadia, pero tamén para saborear as cores da guerra e chorar unha elexía da perda.

Paisaxe que sabe a pan

Antoloxica de Manuel Colmeiro

MARCELA SANTORUN



Arriba: "Labradoras" (1928); abaixo, "No bosque" (1938).

A historia do Círculo das Artes de Lugo está tecida coa materia da nosa identidade cultural. A sociedade non só é representativa da vida social de Lugo, senón que foi e vén ser promotora de exposicións relevantes para o noso país.

A historia comeza en 1855, por iniciativa de cen comerciantes e profesionais que, despois de moitos esforzos, conseguiron inaugurar un edificio propio en 1898. O século XX trouxo moitos cambios para o mundo e o Círculo non foi alleo a eles. Aínda que nos primeiros anos a Sociedade gozou de unha importante expansión, a ditadura de

O Círculo das Artes de Lugo

Primo de Rivera foi unha etapa especialmente difícil que amenazou a súa estabilidade.

Hai unha serie de acontecementos vinculados ao devir de Colmeiro. No ano 1947, etapa de grande esplendor, realizouse unha exposición que reuniu nunha mostra colectiva aos pintores lucenses: Dionisio Fierros, Xesús

R. Corredoira, Xulia Minguiñón, Castro Gil, Suárez Couto, Saturnino Lois, Ínsua Bermúdez e Romero. No ano 1960 tivo lugar outra mostra especialmente significativa: a I Mostra Antropolóxica da Arte Galega, con obras de Castelao, Sotomayor, Bello Piñeiro, Díaz Pardo, Loréns, Julia Minguiñón, Laxeiro, Suárez Couto, Suárez Llanos, Colmeiro, Maside e Souto, entre outros. A II Mostra Antolóxica da Arte Galega inaugurouse, á súa vez, no ano 1980 con aportacións de Castelao, Colmeiro, Eiroa, Fernández Mazas, Laxeiro, Maside, Seoane e Souto